



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS

Persoal

Licitación para adxudicar mediante concurso o arrendamento dun ben inmovible de titularidade municipal na parroquia de Espiñaredo (Parcela con referencia catastral 15071A 045009920000YS)

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía do Concello das Pontes núm. 1633/2026, de 18 de agosto, aprobáronse as bases administrativas e económicas (prego económico-administrativo) para licitar o contrato privado de arrendamento da parcela municipal sita na parroquia de Espiñaredo e con referencia catastral 15071A 045009920000YS, e se ordena a publicación deste anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

Sométense as bases económico-administrativas que rexerán esta licitación a un trámite de información pública polo prazo de 10 días naturais que contan dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, coa publicación do presente anuncio iníciase un prazo de presentación de ofertas de 10 días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP. No caso de que se presenten alegacións ás bases, interromperase o prazo de licitación ata a súa resolución, salvo que carezan de suficiente substantividade ou fundamento. Neste suposto, a presentación de alegacións e posterior resolución ás mesmas non interromperá o prazo inicial outorgado.

CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO ARRENDAMENTO DA PARCELA

PRIMEIRO: Obxecto, tramitación, procedemento, canon e garantías.

1. Descrición do obxecto: Concurso público para o arrendamento da parcela con referencia catastral 15071A 045009920000YS para a execución de actividades económicas de interese municipal.
2. Ubicación da parcela: CR Espiñaredo polígono 45 parcela 992 001800500NJ81D con referencia catastral 15071A045009920000YS
3. Prazo da concesión: 10 anos.
4. Tramitación: ordinaria.
5. Procedemento: aberto con único criterio de adxudicación:
× Mellora ou incremento do canon anual fixado polo arrendamento da parcela. Valorable até 100 puntos.
6. Canon mínimo(6% do valor parcela) : 4.832,71 €/ano.
7. Garantía definitiva: 5% do prezo ofertado polo adxudicatario (IVE excluído).

SEGUNDO: Obtención de documentación e información:

- a) Lugar para a obtención de documentación e información: Sede electrónica municipal e na Secretaría Municipal.
- b) Teléfonos de información adicional: 981453116//664514437.
- c) Correo electrónico: contratacion@spontes.org.
- d) Data límite para obtención de documentación e información: 10 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Durante este prazo poderase visitar a parcela e comprobar "in situ" o estado das instalacións a requirimento do/s licitador/es.

TERCEIRO: Requisitos específicos dos licitadores:

Os esixidos na cláusula 5 do PCAP que rexe esta licitación.

CUARTO: Presentación de ofertas

a) Data límite de presentación: 10 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

b) Documentación a presentar en cada lote:

- Sobre/arquivo A: Documentación administrativa solicitada na cláusula 8.3.A) do Prego de cláusulas económico-administrativas.
- Sobre/arquivo B: Proposición económica a valorar mediante fórmulas ou criterios de forma automática segundo o disposto na cláusula 8.3.B) das bases e conforme ao modelo recollido no seu Anexo II.

c) Medios e lugar: as proposicións presentaranse exclusivamente por medios electrónicos, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO: Apertura das ofertas: En sesión pública, na data que estableza o órgano de contratación e da que se dará conta a través da sede electrónica municipal.

As Pontes de García Rodríguez, 19 de agosto de 2026.

A Alcaldesa en funcións

Elena López Seco

2026/5531



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN O CONCURSO POR PROCEDEMENTO ABERTO PARA O ARRENDAMENTO DE BEN INMOBLE DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA PARROQUIA DE ESPIÑAREDO (PARCELA REF. CATASTRAL 15071A045009920000YS)

1) OBXECTO E DELIMITACIÓN DOS DATOS DA PARCELA

1.1) Obxecto do contrato

Este concurso consiste na adxudicación, mediante procedemento aberto e conforme ás condicións que polas presentes bases se expresan, do arrendamento sobre o inmoble municipal situado na parroquia de Espiñaredo, con nº de polígono 45, e parcela 992 001800500NJ81D, e referencia catastral 15071A045009920000YS. Os datos da parcela son os seguintes:

2.2) Cadro de características

Referencia catastral	15071A045009920000YS
Localización	CR Espiñaredo
Clase:	Patrimonial
Cualificación urbanística:	Rústica
Superficie:	39.053,85 metros cadrados
Lindeiros:	Ao Norte, Este, Oeste e Sul co dominio público da estrada AC-861 e a autovía AG-64
Título de adquisición:	Título de segregación e cesión formalizada en escritura pública autorizada en As Pontes, polo Notario D. Angel Castelló Vicedo, nº de protocolo 696, con data 30 de maio de 2019.
Cargas o gravámenes:	Non constan cargas rexistradas
Destino del bien:	Usos e actividades permitidos na parcela conforme a clasificación do solo indicada no informe técnico de data 22.06.2026 e que se incorpora como anexo ao presente Prego
Órgano de contratación	Xunta de goberno local
Duración do arrendamento:	10 anos.
Importe inicial do canon anual (6% do valor parcela segundo informe técnico municipal)	4.832,71 euros

O contrato terá a cualificación de contrato privado, tal e como establece o art. 9 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

2) RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Este contrato ten carácter privado a súa preparación e adxudicación rexeráse polo establecido neste prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas: o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo RD 1372/1986, de 13 de xuño e o Regulamento Xeral da anteriormente referida Lei 33/2003 aprobado polo RD 1373/2009, de 28 de agosto.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse polas Normas de Dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente do coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes, sobor de todo, nas cuestións relativas aos efectos e extinción do contrato.

3) PRAZO DE VIXENCIA E ACTOS DE DISPOSICIÓN

A duración do arrendamento será a determinada no cadro de características. O arrendatario non poderá ceder, realugar ou subarrendar, en todo nin en parte o ben obxecto do arrendamento.

4) FORMA DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

A forma de adxudicación é a de concurso público e por procedemento aberto a calquera licitador que cumpra cos requisitos que establece o presente Prego, e de acordo co art. 107.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

5) CAPACIDADE DE CONTRATAR

De conformidade co artigo 79 do Regulamento de desenvolvemento da LPAP as Administracións Públicas poden concertar negocios xurídicos de explotación de bens e dereitos con persoas físicas ou xurídicas que gocen de capacidade de obrar de acordo co previsto no Código Civil.

6) TIPO DE LICITACIÓN

O tipo de licitación, que poderá ser mellorado á alza, fíxase na cantidade indicada no apartado correspondente do Cadro de Características. O seu importe anual corresponde co importe do canon inicial, se é o caso, mellorado, o cal deberá ser aboado durante a vixencia do contrato. Este canon periódico será revisado anualmente conforme ao Índice de Prezos ao Consumo ou índice que o substitúa, sen que a revisión anual poida supoñer en ningún caso a redución do importe do canon periódico, se é o caso, mellorado, debendo ingresarse o do primeiro ano (*ou mes*) na Tesouraría Xeral deste Concello despois da notificación do acordo de adxudicación ao que resulte ser seleccionado tras o concurso público e con anterioridade á formalización do correspondente contrato de arrendamento.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

7) GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

Non se requirirá garantía provisional.

Pola contra, o adxudicatario, no prazo de **10 días hábiles** contados dende que se lle notifique a adxudicación do contrato e con anterioridade á formalización do contrato de arrendamento, deberá constituír garantía definitiva por un importe igual ao 5% do prezo ofertado polo mesmo.

8) PROPOSICIÓN E DOCUMENTACIÓN

1.- De conformidade co artigo 85 do RLPAP, cada oferente poderá presentar unha única proposición que se axustará ás especificacións contidas no prego. A documentación presentarase en dous sobres pechados. O primeiro deles conterá a documentación acreditativa da personalidade e capacidade do mesmo, e do seu representante no seu caso, e o segundo sobre incluírá a proposta correspondente.

2.- Lugar e prazo de presentación das proposicións: As proposicións para tomar parte no presente proceso público deberán ir redactadas en castelán ou galego, sen emendas nin riscadas, e a súa presentación implica a aceptación incondicionada polo empresario de todas as prescricións incluídas neste Prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar pola administración deberá ir asinadas por quen as presenta.

De conformidade co art. 16. 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as ofertas ou proposicións para participar no procedemento poderán ser presentadas, polos interesados ante:

a. No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1.

b. Nas oficinas de Correos, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao Órgano de Contratación, por fax ou telegrama, a súa remisión. Sen tales requisitos non será admitida a proposición no caso en que se recibise fose do prazo fixado no anuncio de licitación. Con todo, transcorridos dez días desde a terminación do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición enviada por correo. O Rexistro de Licitacións acreditará a recepción do referido fax ou telegrama con indicación do día da súa expedición e recepción no Libro Rexistro correspondente.

c. Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

d. Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

e. En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

Quenes, de conformidade co art. 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non están obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración, poderán presentar as súas propostas persoalmente, no rexistro do Concello de As Pontes, en horario de atención ao público.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

O prazo de presentación de ofertas será de 10 (DEZ) días naturais contado a partir da última publicación do anuncio de licitación no Boletín oficial da Provincia..

3. Proposicións e documentación complementaria. As proposicións constarán en dous sobres denominados A e B que se presentarán pechados e asinados, selados ou lacrados polo licitador ou persoa que o represente, en cada un dos cales e no seu anverso farase constar o nome do licitador e o contido (na forma que se indica). Así:

A. O sobre "A" subtitularase "DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA PERSONALIDADE, CARACTERÍSTICAS DO LICITADOR", e conterá os documentos ou copias autenticadas dos mesmos, que a continuación se sinalan:

- a.** Documento Nacional de Identidade ou fotocopia compulsada.
- b.** Documento Nacional de Identidade e escritura de poder, bastanteada e legalizada, no seu caso, se se actúa en representación doutra persoa.
- c.** No caso de tratarse dunha persoa xurídica, escritura de constitución da sociedade mercantil rexistrada no Rexistro Mercantil, e número de identificación fiscal, cando concorra unha sociedade desta natureza. Se non fora esixible a inscrición da persoa xurídica no Rexistro Mercantil, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regulan a súa actividade.
- e.** Declaración responsable (segundo modelo Anexo I) indicando que cumpre as condicións establecidas neste prego e de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición de contratación que marca a normativa vixente. Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade social impostas polas disposicións legais vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa deste requisito deba de presentarse, antes da adxudicación definitiva polo empresario ou persoa física a cuxo favor vaia a efectuarse esta.
- f.** Dirección, teléfono e fax do licitador ou o seu representante na contratación.

B. O sobre " B" subtitularase OFERTA ECONÓMICA e responderá ao seguinte modelo (Anexo II):

"O abaixo asinante D./Dna. _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____, en nome propio (ou en representación da empresa _____), con CIF _____, tendo coñecemento da convocatoria do CONCURSO anunciada no Boletín Oficial da Coruña _____ nº _____, de data _____, solicita tomar parte nesta licitación para o arrendamento de ben inmovible municipal situado na parroquia de Espiñaredo, con nº de polígono 45, e parcela 992 001800500NJ81D, e referencia catastral 15071A045009920000YS. E FAI CONSTAR:

- 1.** Que cumpre todas e cada unha das condicións esixidas no Prego de bases para a adxudicación do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións sociais, laborais e fiscais.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

2. Que acepta plenamente todas as cláusulas do Prego e todas as demais obrigacións que se deriven, se resulta adxudicatario do contrato.

3. Que se compromete a arrendar o inmovible ao prezo de _____ euros/ ano, máis os impostos correspondentes.

As Pontes de García Rodríguez, _____ de agosto de 2026.

Asdo. O/A Interesado/a

9) Criterios de adxudicación.

O único criterio de adxudicación será o prezo ofertado polo canon anual da parcela.

10) Acto de apertura de ofertas, clasificación, requirimento de documentación e adxudicación.

Constituída a Mesa de Contratación (DA. 2ª.7 LCSP), esta procederá, con carácter previo, á cualificación dos documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre A. Se a Mesa de Contratación observase defectos materiais na documentación presentada, poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a 3 días para que o licitador a emende. Se a documentación contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non emendables, rexeitarase a proposición.

Unha vez aceptadas as proposicións pola documentación administrativa examinada, procederase á apertura das ofertas económicas en canto ao importe do canon a ofrecer polo uso da parcela.

Determinada pola mesa a proposición máis vantaxosa, levantarase acta, sen que a proposta de adxudicación cree dereito algún a favor do adxudicatario proposto.

A continuación, o órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta esta licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

11) Constitución e pago sucesivo do canon.

O contrato de arrendamento formalizarase en documento administrativo dentro do prazo de dez días (artigo 153 da LCSP) a contar dende o seguinte o da notificación da adxudicación, unha vez acreditado o ingreso na Tesouraría da totalidade do importe do canon de adxudicación e garantía definitiva. Non obstante, poderá elevarse a escritura pública cando o solicite o adxudicatario, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento. En calquera caso o presente prego revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado polo adxudicatario en proba de conformidade.

O canon anual actualizarase cada ano, na data en que o contrato cumpra a anualidade, aplicando sobre a renda vixente nese momento a variación porcentual experimentada polo Índice de Prezos de Consumo (IPC) xeral a escala nacional, publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE), correspondente ao mes anterior a aquel en que corresponda satisfacer cada cota anual.

12) Gastos.

Todos e calquera gastos que se derivaren do outorgamento de documentos públicos ou privados para instrumentar a adxudicación serán a cargo do adxudicatario, así serán de conta exclusiva deste todos os gastos arbitrios e impostos de calquera clase a que dera lugar o arrendamento, incluído os de publicación nos Boletíns Oficiais, os relativos ao outorgamento da escritura pública e, no seu caso, inscrición no Rexistro da Propiedade de competente.

13) Obrigas do arrendatario.

O arrendatario queda obrigado ao cumprimento das seguintes condicións:

- a)** Obriga de conservar, protexer, defender e mellorar o ben obxecto de arrendamento.
- b)** Reparar os danos debidos a un uso anormal ou contrario ao destino dos bens e os que sexan consecuencia de circunstancias sobrevidas e imprevisibles que non constitúan forza maior.
- c)** O aboamento puntual e actualizado da renda anual nos termos convidados (artigo 1555 CC).
- d)** A usar da cousa arrendada de xeito dilixente, destinándoa ao uso pactado.
- e)** A pagar os gastos que, se é o caso, ocasione a escritura do contrato (artigo 1555 CC).
- f)** A poñer en coñecemento do propietario, no máis breve prazo posible, toda usurpación ou novidade daniña que outro realizase ou abertamente prepare na cousa arrendada, así como a necesidade de facer as reparacións referidas no artigo 1554.2 CC, sendo responsable dos danos e prexuízos que pola súa neglixencia, neste aspecto, se ocasionaren á Entidade local (artigo 1559 CC).
- g)** A devolver o ben arrendado no mesmo estado en que se entregou, salvo o que tivese perecido ou se tivese menoscabado polo tempo ou por causa inevitable (artigos 1561-3 CC).



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

h) Adoptar cantas medidas de seguridade foren necesarias en evitación de danos tanto no inmovible municipal como, se é o caso, nos usuarios do servizo, debendo aboar os danos e prexuízos que se puidesen causar. Así mesmo, o arrendatario deberá subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil bastante, vixente e actualizada durante toda a cesión, que cubra todos os danos e prexuízos persoais, materiais ou morais que se ocasionen por acción ou omisión como consecuencia do funcionamento normal ou anormal do arrendamento obxecto do presente prego de condicións.

i) Deberá encargarse da limpeza, mantemento, conservación e reparación de ben, edificación/é e instalación/é obxecto do presente arrendamento.

j) Deberá sufragar os gastos de luz, auga e demais necesarios para o desenvolvemento da actividade a cuxo fin se encamiña a licitación.

k) Durante o período do arrendamento, queda obrigado a achegar os equipos técnicos e materiais, así como os medios auxiliares, humanos e materiais, para a realización do servizo pretendido. Concretamente, se é o caso, o persoal adscrito polo arrendatario dependerá exclusivamente daquel, o cal estará obrigado ao cumprimento das disposicións legais vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de seguridade e hixiene no traballo, etc., quedando a Administración exonerada de calquera tipo de responsabilidade que puidese provir do incumprimento de calquera norma laboral.

l) Recoñecerá a facultade da Entidade Local de inspeccionar en todo momento o ben obxecto da cesión.

m) Indemnizará á Administración de toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigas aquí consignadas ou como consecuencia de operacións que requira a execución do contrato.

n) Terá que cumprir o período total do contrato, se desiste do contrato con antelación deberá indemnizar o arrendador cunha cantidade equivalente a unha mensualidade da renda en vigor por cada ano do contrato que reste por cumprir. Os períodos de tempo inferior a un ano, darán lugar á parte proporcional da indemnización.

ñ) Terá que someterse ás demais obrigas que estableza a lexislación vixente.

14) Obrigas do arrendador

O arrendador queda obrigado ao cumprimento das seguintes condicións:

a) A entregar ao arrendatario a cousa obxecto do contrato arrendo en perfecto estado para o uso a que se destina (artigo 1554 CC).

b) A manter o arrendatario no gozo pacífico do arrendamento por todo o tempo do contrato (artigo 1554 CC).

c) A realizar as reparacións que sexan necesarias para conservar o inmovible nas condicións de habitabilidade para servir ao uso convido, salvo cando a deterioración de cuxa reparación se trate sexa imputable ao arrendatario a teor do disposto nos artigos 1563 e 1564 do CC.

15) Infraccións e sancións



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

Os incumprimentos e infraccións cometidas polo arrendatario clasificaranse en leves, graves e moi graves, e darán lugar á imposición da correspondente sanción de acordo co previsto legalmente. Consideraranse infraccións específicas para os efectos previstos no presente prego:

a) Infraccións leves:

- Os atrasos no cumprimento das súas obrigas.
- Non atender coa debida dilixencia e coidado á conservación do inmovble
- O non sometemento á inspección dos Servizos Técnicos Municipais.

b) Infraccións graves:

- A reiteración de actos que dean lugar a sancións leves.
- A actuación que de lugar á depreciación daquel ben público ou das instalacións.
- O uso anormal do ben público cedido.

c) Infraccións moi graves:

- A reiteración de sancións graves.
- O incumprimento de calquera das condicións establecidas no presente prego.
- A desobediencia a calquera das ordes ou instrucións efectuadas pola Administración Municipal sobre o cumprimento das referidas condicións de uso.
- Non subscribir as pólizas de seguro esixidas neste prego ou subscribilas en condicións distintas ás alí estipuladas.
- Non aboar os recibos das pólizas de seguro ao seu vencemento

As sancións que poderán interporse, e que se tramitarán en función da intensidade e da reiteración das correspondentes infraccións, estarán nos seguintes intervalos:

- Sancións leves: Ata 500,00 €.
- Sancións graves: Entre 501,00 € e 1.500,00 €.
- Sancións moi graves: Entre 1.501,00 € ata 3.000,00 €.

Con independencia da sanción que proceda segundo as tipoloxías anteriores, se se producisen danos no ben arrendado ou nas súas instalacións e non fosen consecuencia de feitos fortuítos ou forza maior, a Administración poderá impoñer a indemnización destes, logo de valoración dos Técnicos da Corporación.

Nos supostos de infraccións moi graves, impoñerase a sanción oportuna na primeira ocasión e, en caso de reincidencia, poderá ser declarada a extinción do arrendamento.

16) Causas de extinción.

O arrendamento extinguirase:

- Polo vencemento do prazo.
- Falta de pagamento do canon ou renda por máis de 30 días.
- Polo incumprimento das obrigas fundamentais pactadas no título constitutivo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

- Pola concorrencia ou confusión na mesma persoa os dereitos de propiedade do chan e os do arrendatario.
- Por morte ou incapacidade sobrevida do arrendatario individual ou extinción da personalidade xurídica.
- Por renuncia do arrendatario.
- Polo mutuo acordo.
- Por perda física ou xurídica do ben.
- Por afectación do ben.
- Por resolución xudicial.
- Pola cesión ou subarrendamento, en todo nin en parte, do ben.
- Calquera outra causa prevista na lexislación aplicable.

17) Falta de pagamento.

O Concello non se fará responsable da falta de pagamento dos cesionarios aos seus provedores, nin das deterioracións ou roubos que se poidan cometer nas instalacións.

18) Prerrogativas do concello.

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na lexislación vixente, a Administración ostentará a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta. Os acordos correspondentes poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos. No correspondente expediente darase audiencia ao arrendatario.

As Pontes, agosto de 2026.

A Alcaldesa en Funcións

Elena López Seco



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

Anexo I: Modelo de declaración responsable

Don/dona _____ con domicilio no municipio de _____
provincia de _____ país _____ rúa
_____ nº _____ teléfono _____ correo
electrónico _____ con DNI nº _____ en nome
propio ou en nome e representación da empresa _____
con DNI/NIF _____ e domicilio no municipio de _____ rúa
_____ nº _____ provincia de _____ país _____
teléfono _____, correo electrónico _____ á que represento
no procedemento de adxudicación do contrato privado de “Arrendamento de
inmable municipal situado na parroquia de Espiñaredo”, manifesto:

- Que a persoa xurídica á que represento ten plena capacidade xurídica e de obrar, de modo que o seu obxecto social comprende a actividade obxecto do contrato, de acordo co recollido nos seus estatutos sociais, estatutos que se atopan correctamente inscritos nos Rexistros correspondentes. A persoa xurídica non está incursa en prohibicións de contratar e cumpre todos os requisitos de constitución esixidos pola normativa vixente.

- Manifesto que eu, ou a entidade á que represento, estou ou está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade social impostas polas disposicións legais vixentes.

- Fago constar que en relación cos supostos recollidos no artigo 42 do Código de Comercio (empresas pertencentes a un mesmo grupo): (marcar una opción):

- ☐ Non concorro a esta licitación con empresas vinculadas pertencentes ao mesmo grupo empresarial.
- ☐ Concorro a esta licitación coa/coas seguinte/s empresa/s pertencente/s ao mesmo grupo empresarial:

DENOMINACIÓN	NIF

- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, para os efectos de notificación, nome e apelidos do/a representante, enderezo, teléfono e correo electrónico de contacto: _____.
- Autorizo ao concello das Pontes para que as comunicacións relacionadas con esta licitación se efectúen a través da Plataforma de contratos do Sector Público ou do



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

Sistema de Notificación Electrónica da Xunta de Galicia Notific@,
(<https://notifica.xunta.gal>).

En consecuencia, COMUNÍCASE que os avisos de posta a disposición das notificacións enviaranse ao correo electrónico seguinte:

Correo electrónico: _____

As notificacións enviaranse á seguinte persoa (*indicar só unha*):

- persoa física (representante): _____, co DNI: _____.

- persoa xurídica (empresa): _____, co NIF/CIF: _____.

Así mesmo, no caso de que as notificacións non se puidesen realizar a través da Plataforma de contratos do Sector Público ou do portal Notific@, COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico anteriormente indicado.

(Lugar, data e sinatura dixital do/a propoñente).



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Expte. núm. 2026/C006/000003

Ref.:SEC

Anexo II: Modelo de proposición económica

"O abaixo asinante D./Dna. _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____, en nome propio (ou en representación da empresa _____), con CIF _____, tendo coñecemento da convocatoria do CONCURSO anunciada no Boletín Oficial de Coruña _____ nº _____, de data _____, solicita tomar parte nesta licitación para o arrendamento de ben inmovible municipal situado na parroquia de Espiñaredo, con nº de polígono 45, e parcela 992 001800500NJ81D, e referencia catastral 15071A045009920000YS. E FAI CONSTAR:

1. Que cumpre todas e cada unha das condicións esixidas no Prego de bases para a adxudicación do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións sociais, laborais e fiscais.
2. Que acepta plenamente todas as cláusulas do Prego e todas as demais obrigacións que se deriven, se resulta adxudicatario do contrato.
3. Que se compromete a arrendar o inmovible ao prezo de _____ euros/ano, máis os impostos e/ou outros gastos que correspondan.

As Pontes de García Rodríguez, _____ de agosto de 2026.

Asdo. O/A Interesado/a